




CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es



BANDO

Antonio Negreira Noya, alcalde deste Concello de Val do Dubra,

FAGO SABER: Que **O IMSERSO** vén de convocar a concesión de prazas para pensionistas que desexen participar no **PROGRAMA DE TERMALISMO SAUDABLE. Tempada 2017** (BOE núm. 300, do 13 de decembro de 2016).

PERSOAS BENEFICIARIAS (usuarios/as de praza):

Poderán participar neste PROGRAMA as persoas residentes en España, que reúnan, entre outros, algún dos seguintes requisitos:

1. ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social español (S. S. S.)
2. ser pensionista de viuvez, con 55 ou máis anos de idade, do Sistema da Seguridade Social español.
3. Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade, do Sistema da Seguridade Social español.
4. Ser asegurado/a ou beneficiario/beneficiaria do Sistema da Seguridade Social español, con 65 ou máis anos de idade

Españóis/españolas residentes no estranxeiro

Igualmente, poderán participar neste programa as persoas con nacionalidade española, que residan no estranxeiro, sempre que perciban unha pensión do Sistema da Seguridade Social español e contén coa idade esixida no art. 3.1 da Resolución publicada ó efecto no BOE indicado no 1º parágrafo do presente Bando, ou sexan asegurados ou beneficiarios do Sistema da Seguridade Social, con idade igual ou superior a 65 anos, de acordo co previsto no art. 3.1.d) e, en todos os supostos, reúnan o resto dos requisitos esixidos aos/ás usuarios/as no art. 3.2.

Tamén poderán ser adxudicatarios das prazas, como acompañante, o cónxuxe ou, no seu caso, a parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal, sen necesidade de que estes reúnan algún dos requisitos esixidos no art. 3.1. e en todo caso, cumprindo os requisitos previstos no art. 3.2.

Así mesmo, poderán ser adxudicatarios de praza os/as fillos/as con discapacidade, en grao igual ou superior ó 45%, sempre que disfruten a quenda cos seus pais e se aloxen na mesma habitación.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

0. **Antes do 13 de xaneiro** do 2017 para as **quendas dos meses de febreiro a agosto.**
1. **Antes do 12 de maio**, para as **quendas dos meses de setembro a decembro.**

Máis información nos servizos sociais comunitarios municipais. Teléfono: 981 88 90 00.

O que se fai público para o xeral coñecemento.

Val do Dubra, 22 de decembro de 2016

O alcalde,